



Nihongo nōryoku shiken
NOKEN
 日本語能力試験

Exame Oficial de nivel de lingua xaponesa

2023年12月3日(日)

Domingo, 3 de decembro de 2023



Universidade de Santiago de Compostela

Comité organizador da Sede de Santiago de Compostela

Centro de Linguas Modernas - USC

Correo electrónico: clm@usc.gal

<https://www.usc.gal/es/servizos/clm/exames/noken.html>

**Universidade de Santiago de Compostela
 (Campus Norte)**


Facultade de Filoloxía, 2º andar

Avda.de Castelao s/n

15782 Santiago de Compostela

Teléfono: 881 811757

Facultad de Filología 2ª planta



Nivel	Aula
N1	C 03
N2	C 04
N3	C 10
N4	C 11
N5	C 12

HORARIOS DO EXAME

*** Exame / comprensión auditiva:**

Inclúe 10 minutos de comprobación de son (entre parénteses a duración real da proba)

Nivel	Comezo do rexistro	Entrada na aula	Exame / Vocabulario - Comprensión escrita e gramática	Entrada na aula	Exame / comprensión auditiva*
N1	9:45	9:45	10:00 – 11:50 (Exame: 110 min.)	12:25	12:30 – 13:25 (Exame: 55 min.)
N2	9:55	9:55	10:10 – 11:55 (Exame: 105 min.)	12:35	12:40 – 13:30 (Exame: 50 min.)

Nivel	Comezo do rexistro	Entrada na aula	Exame / Vocabulario	Entrada na aula	Exame / Comprensión escrita e gramática	Entrada na aula	Exame / Comprensión auditiva*
N3	9:40	9:40	10:00 – 10:30 (Exame: 30 min.)	11:00	11:05 – 12:15 (Exame: 70 min.)	12:45	12:50 – 13:30 (Exame: 40 min.)
N4	9:40	9:40	10:00 – 10:25 (Exame: 25 min.)	10:55	11:05 – 12:00 (Exame: 55 min.)	12:35	12:45 – 13:20 (Exame: 35 min.)
N5	9:40	9:40	10:10 – 10:30 (Exame: 20 min.)	10:55	11:10 – 11:50 (Exame: 40 min.)	12:30	12:40 – 13:10 (Exame: 30 min.)



NORMAS DO EXAME

1. É obrigatorio estar no centro de exame para a identificación á hora á que comeza o rexistro. **Non se abrirán as portas da facultade antes das 9:30 horas.**
2. Realice o rexistro na mesa que indica o nivel ao que se presenta para o exame.
3. Non se permite entrar a ningún acompañante a partir da zona de identificación. Rógase encarecidamente que agarden na cafetería ou fóra do edificio durante a realización do exame para evitar molestias e ruídos ás persoas que están realizando o exame.
4. Antes de entrar na aula debe mostrar o seu **Test Voucher** e algún **documento oficial con foto** que demostre a súa identidade ao examinador.
5. **É imprescindible traer:**
 - a, A Tarxeta de Identificación (**Test Voucher**) impresa.
 - b, Algún documento oficial de **identificación persoal con foto** (DNI, Pasaporte). **Atención: Sen ambas identificacións non se permite facer o exame.**
 - c, **Lapis (2 ou HB), goma** de borrar e afialapis. Queda terminantemente **prohibido usar bolígrafo**. Se se usa bolígrafo será imposible corrixir o exame.
6. Para evitar molestar aos compañeiros, **non se permitirá a entrada á aula despois dos 10 primeiros minutos de cada parte do exame**, a non ser que exista una causa xustificada. **Na proba de comprensión oral non se poderá entrar unha vez posto en marcha o CD de audio.**
7. Durante a realización das probas, **non se permitirá saír da aula**. O/a candidato/a que por algún motivo saíra **non poderá continuar coa proba**.
8. Durante as probas **non** se permitirá deixar encima da mesa ningún tipo de comida nin bebida.

9. Por favor, **garden sempre silencio** até que estean no corredor central da Facultade. Durante os descansos segue a haber probas doutros niveis.

MOTIVOS DE EXPULSIÓN

Para evitar problemas durante a realización do exame observe os puntos seguintes:

- Os **teléfonos móbiles, Smartwatch, reloxos con alarma o calquera aparello electrónico que emita son deben estar totalmente desconectados.**
Non basta con silencialos. Poderían producir interferencias no exercicio de comprensión oral.
Se soa ou vibra algún teléfono ou Smartwatch, o responsábel será expulsado de xeito inmediato.
- Ter algún tipo de **apuntamentos, notas, dicionarios á vista ou facer consultas en internet.**
- **Copiar ou intercambiar información cun/ha compañeiro/a.**
- **Molestar outros/as candidatos/as.**
- **Non seguir as instrucións do/a inspector/a do exame ou responsable da sala.**
- **Non pode abandonar a aula co libro de enunciados, nin coa súa folla de respostas, nin extraer ningunha información, empregando calquera medio de gravación ou reprodución do contido do exame.**



COMO CHEGAR A SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pode chegar a Santiago de Compostela de tres xeitos diferentes: pola estrada, en tren ou en avión.

Pola estrada:

- **Autopista do Atlántico AP-9:** que enlaza Compostela coa Coruña, Ferrol, Vigo, Tui e a fronteira portuguesa.
- **Autovía do Noroeste A-6:** que comunica Galiza co resto de España a través da provincia de Lugo e cun enlace pola AP-9 nos arredores da Coruña.
- **Autovía Rías Baixas A-52:** que comunica Galiza e España a través da provincia de Ourense e enlaza con Santiago a través da AP-9 en Vigo ou da N-525 en Ourense.
- **Autopista AP-53:** que enlaza Santiago e Lalín, onde se une á N-525 de Ourense a Madrid.
- **Estrada nacional N-634:** conecta Galiza e Francia a través da costa cantábrica e enlaza con Compostela a través da Autovía do Noroeste A-6.

En autobús: Se vén a Santiago de Compostela en bus pode facelo coa compañía Etnacar Internacional (902 422 242) para unha viaxe de longo percorrido (dende Madrid, Gijón, Bilbao, Irún, Portugal, Alemaña, Francia, Bélxica ou Suíza). A terminal de autobuses está na Rúa Clara Campoamor, s/n. Pode contactar coa estación no número 981 542 416.

En tren: A estación de ferrocarril está situada na Rúa do Hórreo, s/n. Pode contactar coa estación nos teléfonos 981 596 050 e 902 240 202. Dende esta estación estará comunicado/a con Madrid a través de dous trens diarios da compañía Renfe; ademais un tren leva a Bilbao, 14 comunícanse coa Coruña, 11 con Vigo e 8 con Ourense. Tamén hai un enlace con Portugal a través da conexión Vigo-Oporto con 3 trens diarios.

En avión: O aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro atópase en Lavacolla, a 10 km do centro. Pódese optar polo aluguer dun vehículo se se desexa chegar ao centro en coche. Tamén hai taxis e buses. Para saír do aeroporto en coche, hai que facelo a través da N-547 que une Santiago e Lugo, ou tamén a través da autovía que une a circunvalación compostelá coa N-547.

PARA MOVERSE POLA CIDADE


Facultade de Filoloxía (Campus Norte)

Avda.de Castelao s/n, Santiago de Compostela

(A identificación dos candidatos non comezará até as 9:40 horas do mesmo día do exame e non se poderá acceder á área de presentación até esa hora.)

- **A pé:**

Dende a Catedral de Santiago até a Facultade de Filoloxía (Sede) tardará 20 minutos aproximadamente.



- **Buses urbanos (circulación os domingos):**

Liña 5 (A Rocha / A Rocha Vella): o servizo comeza ás 8:00 e remata ás 22:30.

Parada próxima á sede do exame:
Avda. Castelao (Facultade de Ciencias da Comunicación)

https://moovitapp.com/index/es/transporte_p%C3%BAblico-line-5-Santiago_de_Compostela-4815-1026871-620389-0

- **Taxis:**

Pode chamar un taxi a través de Radio Taxi as 24 horas do día no teléfono 981 569 292 ou, se necesita un taxi adaptado a persoas con discapacidades, no servizo Euro Taxi no teléfono 981 535 154. Ademais existen paradas de taxi no aeroporto de Lavacolla (981 591 575), na estación del tren (981 898 488) e na estación de autobuses (981 582 450).

